

Buenos Aires 10 de Outubro do 1958

Sr. César Abujar

Rue d'Assas 78

Paris VI



Consello de Galicia

14

Querido Abujar:

O sábado pasado reuniuse o Consello de Galicia, xunto coa Comisión de Facenda. Héronse na xuntanza as tuas de verdadeiras cartas e outro acordo unánime no senso de felicitarte cordial e efusivamente pol-a tua labor en Paris, así como agradecerche de todo corazón os sacrificios de toda índole que esa labor che costa, que ti levas con Comovedor comprensión, referente en especial a nosa imposibilidade para resolver aínda, en forma definitiva, a parte económica.

A modo de anticipo pra esa solución, a devandita Comisión de Facenda, acordou remesarche unha suma pra que te poidas ir movendo ahí. Oxe ou mañán escribíranche, faendache o envío o Presidente e o Tesoureiro da Comisión, don Manuel Puente e don Antonio Alonso Perez, respectivamente. Ta me dirás se recibiches.

Ademais da noticia que ti nos tinas adiantada, sobre o viaxe de Ferradellas aquí, con motivo dos Xogos Florales da lingua catalana, a realizarse na cidade de Mendoza, a Comunidade de Institucións Catalanas de Buenos Aires, comunicounos oficialmente dito viaxe e de acordo coas tuas suxerencias, acordamos iniciar no seo da nosa colectividade, os traballos axeitados pra lle ofrecer o Presidente da Generalitat de Catalunya, un bon recibimento e así como varios actos de honra en nome de Galicia e dos galegos. Agardamos que volva contento a Paris no que a eso se refire. Hamentras, coidamos de non obria comenente que ti o visites oficialmente anticipandolle estes nosos propositos, xunto co saúdo do Consello de Galicia e os desexos de que tena bon viaxe e bo andanza por istas terras. Zi veras, que pra eso eres o noso diplomático en Paris.

Acabo de leer na prensa arxentina un resumen do discurso de don Juan de

Borbon en hoendes, rodeado dunha troupe carlista con boinas e todo. Quedei-me abraiado pol-a ausencia total de taito e de sentido politico do "noso" preten-  
dente, elocinando o "esprito" do Movemento do 18 de Julio do 36 e propugnando  
-ja estas alturas do mundo- a monarquia tradicional e catolica como  
salida. Coido que os borbons son cada ves mais idiotas e que España non  
ten mais remedio que seguir sendo o pais de todas as Contrarreformas  
habidas e por haber. ¡Si lle medrou e lle medra o pelo!

Entoques parece-me maravillosa a reación de Francia. Como ti, eu tampon-  
co son "degaullista"; mais esa "riada plebiscitaria" en favor da Y Republi-  
ca parece-me unha campana da de Resurreición da Francia prostrada dos  
derradeiros anos; e teño fé en que Francia, en nome da Europa occi-  
dental, cristiãna e humanista, teña aínda que desempeñar o papel  
de Reitor espiritual da nosa cultura, erquida entros dous xigantes cos blo-  
ques materialistas e barbarizados por ise novo Ministruo que se chama a  
Técnica. E parezme que De Gaulle non ha de ser o ditador que se temía, senon  
que o xefe de unha Democracia forte e xerarquizada. A Mesura e o bon  
sentido francés farán o resto.

E agora, unha pregunta: ¿Este cambio politico en Francia po-  
de ou non afectar os traballos dos republicanos españoles ahí? ¿Que se sa-  
be d'eso? Ia me darás a tua opinión.

E nada mais por ose. Saudos de todos os nosos d-aquí, Abai-  
ra Alonso Pios, especialmente, e da miña parte unha forte aperta.

Ramón Suárez Picallo

Federico Macroze 4086  
Buenos Aires